

Convocatoria de axudas do Programa LEADER 2007-2013 **Pontevedra-Morrazo**

Que é o LEADER?

O LEADER é un conxunto de medidas do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galiza 2007-2013, impulsado pola Unión Europea, que se caracteriza na súa metodoloxía porque **a capacidade de decisión reside nunha unión de axentes locais** (públicos e privados) de xeito que o territorio sexa o protagonista do seu propio desenvolvemento.

Que é o GDR Pontevedra-Morrazo?

O Grupo de Desenvolvemento Rural Pontevedra-Morrazo (GDR) é unha **asociación público-privada sen ánimo de lucro, constituída por un conxunto de entidades dos ámbitos económico, social, cultural, veciñal, medioambiental, profesional, etc. e institucións das comarcas de Pontevedra e do Morrazo que teñen como fin último o desenvolvemento sostible do seu territorio**

Que territorio comprende o GDR?

O territorio elixible do GDR Pontevedra-Morrazo está formado polos concellos de **Barro, Bueu, Campo Lameiro, Cangas, Cotobade, A Lama, Marín, Moaña, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra e Vilaboa**.

Quedan **excluídas** as entidades singulares de poboación de máis de 2.000 habitantes (*núcleos urbanos de Bueu, Cangas, Marín, e Pontevedra*) e parques empresariais sitos nos concellos non comprendidos nas Zonas de Reequilibrio do Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia (*Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Poio, Pontevedra e Vilaboa*)

Que accións son subvencionables?

Dinamización do sector agrario e forestal

- Investimentos no sector agrario (*introdución de novas técnicas de produción, recuperación de variedades tradicionais, apoio ás novas producións, producións extensivas en áreas ambientais sensibles, mellora da eficiencia enerxética das explotacións, aplicación das TICs nas explotacións*)
- Aumento do valor económico dos montes
- Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais (*transformación e comercialización*)
- Cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no sector agrario, alimentario e forestal

Mellora ambiental e do contorno rural

- Investimentos non produtivos en explotacións agrarias (*recuperación de elementos históricos, naturais, culturais e patrimoniais representativos da paisaxe agraria; actuacións na explotación para a mellora da paisaxe en zonas Natura 2000 ou outras zonas de alto valor natural*)
- Investimentos non produtivos en espazos forestais (*restauración de ámbitos forestais de alto valor natural e paisaxístico e de conservación da biodiversidade; fomento do uso social, educativo e recreativo dos montes*)
- Investimentos non produtivos para a adecuación, recuperación e posta en valor do patrimonio natural no contorno rural

Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida

- Diversificación das explotacións agrarias cara a actividades non agrarias (*transformación e venda de produtos agrarios ou especialidades locais na explotación, elaboración e venda de produtos artesanais, agroturismo, prestación de servizos á poboación...*)
- Creación, ampliación, modernización de pemes
- Fomento de actividades turísticas (*pequenas infraestruturas, rutas de sendeirismo, desenvolvemento e/ou comercialización de novos produtos e servizos relacionados co turismo rural*)
- Servizos básicos para a economía e a poboación rural, especialmente a colectivos desfavorecidos (*actividades culturais e de lecer, implantación de servizos e as súas infraestruturas, actividades vinculadas á mellora dos sectores produtivos do territorio*)
- Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural
- Formación vinculada a proxectos de investimento material

Esta convocatoria réxese polo **Réxime de Axudas** publicado, xunto coas Bases Reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural, no **DOG N° 115 do Luns, 16 de xuño de 2008** e pola súa modificación publicada no **DOG N° 15 do Xoves, 22 de xaneiro de 2009**.

Quen pode ser beneficiario dunha axuda?

Persoas físicas, persoas xurídicas de carácter privado (*sociedade laboral, mercantil, civil, SAT, cooperativa, asociación, fundación*), entidades públicas de carácter local ou comarcal (*concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores*), comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

Cal é a contía das axudas?

O orzamento público do Programa LEADER no GDR Pontevedra-Morrazo conta cun importe total de **4.231.311,47€** que poderá variar como consecuencia da asignación da reserva de eficacia ata alcanzar os 5.368.186€

A porcentaxe de subvención de cada proxecto dependerá da súa valoración segundo un baremo público e obxectivo que ten en conta os criterios xeográficos, características do promotor, incidencias no emprego e impactos sobre o territorio.

Proxecto produtivo - *Actividades empresariais co obxecto de xerar emprego e rendas para a poboación que respondan aos obxectivos sinalados no PDR 19* - non han superar nunca o 45% de axuda pública (ata un máximo de **200.000€** ou **250.000€** segundo tipoloxía do proxecto), agás condicións máis restrictivas sinaladas no Réxime de axudas

Proxecto non produtivo - *Dirixidos a cubrir as necesidades da poboación rural e que respondan a unha visión comarcal* - poden chegar a acadar o 100% do financiamento dependendo da prioridade do proxecto, aínda que como norma xeral o promotor sempre deberá facer algunha achega.

Onde dirixirse e con que prazos?

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE PONTEVEDRA-O MORRAZO
Rúa Santa Clara, 4 - 2º (*sede provisional*)
36002 - Pontevedra
Telf: 986 10 81 44/Fax: 986 10 80 09
e.correo: gdr19@mundo-r.com

e TÉCNICOS LOCAIS DE EMPREGO do seu concello

O prazo de admisión de solicitudes será do **24 de agosto de 2009** ó **1 de setembro de 2013**, sometida ás anualidades que correspondan a cada medida